

Código	Centro	Idioma	Materia	Observacións	Curso
36018461	IES República Oriental do Uruguai	Inglés	Tecnoloxía		4º ESO
36018653	CEIP As Solanas - Nicolás Gutiérrez Campo	Inglés	Educación física		2º Ed. primaria
36018963	CEIP de Belesar	Inglés	Educación artística	Só plástica	1º Ed. primaria
36018963	CEIP de Belesar	Inglés	Educación artística	Só plástica	2º Ed. primaria
36018963	CEIP de Belesar	Inglés	Educación artística	Só plástica	3º Ed. primaria
36018963	CEIP de Belesar	Inglés	Educación artística	Só plástica	4º Ed. primaria
36018963	CEIP de Belesar	Inglés	Educación artística	Só plástica	5º Ed. primaria
36018963	CEIP de Belesar	Inglés	Educación artística	Só plástica	6º Ed. primaria
36018963	CEIP de Belesar	Inglés	Educación física		1º Ed. primaria
36018963	CEIP de Belesar	Inglés	Educación física		2º Ed. primaria
36018963	CEIP de Belesar	Inglés	Educación física		3º Ed. primaria
36018963	CEIP de Belesar	Inglés	Educación física		4º Ed. primaria
36018963	CEIP de Belesar	Inglés	Educación física		5º Ed. primaria
36018963	CEIP de Belesar	Inglés	Educación física		6º Ed. primaria
36019232	IES Monte da Vila	Inglés	Matemáticas B		4º ESO
36019244	IES A Sangriña	Inglés	Educación plástica e visual		1º ESO
36019244	IES A Sangriña	Inglés	Música		3º ESO
36019244	IES A Sangriña	Inglés	Educación plástica e visual		4º ESO
36019244	IES A Sangriña	Inglés	Música		4º ESO
36019396	IES Francisco Asorey	Inglés	Ciencias sociais, xeografía e historia		4º ESO
36019402	IES Pazo da Mercé	Inglés	Tecnoloxía		3º ESO
36019402	IES Pazo da Mercé	Inglés	Física e química		3º ESO
36019426	IES Coruxo	Inglés	Música		3º ESO
36019657	IES Primeiro de Marzo	Inglés	Bioloxía e xeoloxía		3º ESO
36020131	IES de Mos	Inglés	Educación plástica e visual		1º ESO
36020155	CPR Estudio	Inglés	Coñecemento do medio natural, social e cultural		1º Ed. primaria
36020271	IES As Bizocas	Inglés	Educación plástica e visual		3º ESO
36020337	IES de Salvaterra de Miño	Inglés	Soldadura en atmosfera protexida		2º Soldadura e caldeiraría (Plan vello)
36020337	IES de Salvaterra de Miño	Inglés	Música		3º ESO
36020362	IES de Valga	Inglés	Tecnoloxía		2º ESO
36020374	IES Valadares	Inglés	Educación plástica e visual		1º ESO
36020374	IES Valadares	Inglés	Educación plástica e visual		3º ESO
36020374	IES Valadares	Inglés	Matemáticas		4º ESO

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Resolución do 15 de novembro de 2010 pola que se declara de interese galego e se ordena a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Fundación Fragas do Mandeo.

Examinado o expediente de declaración de interese galego e inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da *Fundación Fragas do Mandeo*, dítase esta resolución baseada nos feitos e fundamentos de dereito que se expoñen a seguir:

Feitos:

1. Fernando Ricardo Bandín Monteiro, en representación da *Fundación Fragas do Mandeo*,

mediante solicitude do 24 de agosto de 2010, formulou solicitude de clasificación e declaración de interese galego e inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

2. A *Fundación Fragas do Mandeo* foi constituída en escritura pública outorgada en Burela o seis de xullo de dous mil dez, ante o notario Luis Muíño Fidalgo, co número de protocolo novecentos setenta e nove, pola *Asociación Cultural O Rabo do Galo*, a *Sociedade Galega de Historia Natural* e o Grupo Naturalista Habitat, que actúan, representados respectivamente, por Fernando Ricardo Bandín Monteiro, Carlos María Manuel Rodríguez e Antón Vázquez Corral.

3. A *Fundación Fragas do Mandeo* ten por obxecto, segundo establece o artigo 6º dos estatutos, realizar

labores de custodia do territorio con fins de conservación da paisaxe e dos ecosistemas naturais, coa súa fauna, flora e xea asociadas, así como fomentar a custodia do territorio como fórmula para protexer a natureza e promover a súa conservación, baseándose na definición que a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, fai dos termos Custodia do territorio e de Entidade de custodia do territorio, e no artigo 4º.1 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, que contempla como fins de interese xeral a defensa do medio natural de Galicia.

4. Na constitución da fundación constan os aspectos relativos á personalidade dos fundadores; á súa capacidade para constituíla e á súa vontade de facelo como de interese galego conforme os preceptos da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

5. Nos estatutos da fundación constan os aspectos relativos á súa denominación e natureza (artigo 1º); o seu enderezo en Porzomillos, Oza dos Ríos na Coruña (artigo 2º); o seu obxecto e finalidade (artigo 6º); as regras para aplicación das rendas ao obxecto fundacional e para a determinación dos beneficiarios (artigos 9º e 11º); e a designación do padroado como órgano de goberno, representación e administración dela, con indicación do seu réxime de funcionamento (artigos 12º a 26º).

6. Os membros do padroado da fundación que aceptaron o seu cargo son *Asociación Cultural O Rabo de Galo*, representada por Fernando Ricardo Bandín, como presidente; como vicepresidente a *Sociedade Galega de Historia Natural*, representada por Carlos María Manuel Rodríguez Silvar, e como secretario o Grupo Naturalista Habitat, representada por Antón Vázquez Corral.

7. A comisión integrada polos secretarios xerais de todas as consellerías elevou ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza proposta de clasificación como de interese da defensa do medio natural de Galicia da *Fundación Fragas do Mandeo*, dado o seu obxecto e finalidade, polo que, cumpríndose os requisitos exixidos na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e segundo establece o artigo 47º da citada lei e o artigo 51º do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, o protectorado será exercido polo departamento da Xunta que teña atribuídas as competencias correspondentes aos fins fundacionais, procedendo á súa clasificación como de interese ambiental.

8. Á vista da citada proposta da comisión de secretarios xerais, por orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 27 de outubro de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* do 8 de novembro) clasificouse como de interese para a defensa do medio natural de Galicia e adscribiuse á Consellería do Medio Rural para efectos do exercicio do protectorado sobre ela.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-O artigo 34º da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral, consonte a lei, e o artigo 27º.26 do Estatuto de autonomía para Galicia, establece que é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma galega o réxime das fundacións de interese galego.

Segundo.-De acordo co disposto no artigo 7º.2 do Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, en relación co Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, corresponde a esta Consellería do Medio Rural a declaración de interese galego mediante resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* e a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da *Fundación Fragas do Mandeo*, así como o exercicio das funcións de protectorado e as demais que correspondan á Xunta de Galicia de conformidade co indicado no dito regulamento.

Terceiro.-Á vista do disposto na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e nos decretos 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, e o Decreto 15/2009, da mesma data, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, deben entenderse substancialmente cumpridos os requisitos establecidos pola declaración de interese galego e procede a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería do Medio Rural, da *Fundación Fragas do Mandeo*, polo que

RESOLVO:

1. Recoñecer e declarar de interese galego a *Fundación Fragas do Mandeo*.
2. Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería do Medio Rural.
3. Que a dita fundación queda expresamente sometida á Lei 12/2006, do 1 de decembro, ao Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, e ao Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, e demais normativa de aplicación, onde se establecen especialmente as obrigas de dar publicidade suficiente dos seus obxectivos e actividades, da ausencia de ánimo de lucro na prestación dos seus servizos e de solicitar as preceptivas autorizacións, quede suxeita ao protectorado da Xunta de Galicia, que será exercido por esta consellería.

Contra esta resolución pode interpoñerse recurso de alzada ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 114º e 115º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime

xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2010.

Jorge Atán Castro
Secretario xeral da Consellería do Medio Rural

CONSELLERÍA DO MAR

Orde do 10 de novembro de 2010 pola que se amplía o importe global máximo para a concesión de axudas para que os/as mariscadores/as a pé poidan completar os períodos mínimos de cotización ao réxime especial dos traballadores do mar co obxecto de alcanzar a pensión de xubilación, e que foron convocadas pola Orde do 15 de decembro de 2009.

A Orde do 15 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para que os/as mariscadores/as a pé poidan completar os períodos mínimos de cotización ao réxime especial dos traballadores do mar co obxecto de alcanzar a pensión de xubilación e se procede á súa convocatoria para o ano 2010, no seu artigo 5º, punto 1, dispón que as axudas concederán por importe máximo de 1.508.000 euros e que se imputarán á aplicación 14.03.722A.780.0, código de proxecto 2010 01034, do proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010. Así mesmo, no seu punto 2 prevé a posibilidade de ampliar o crédito en virtude do artigo 31º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Desta maneira, o importe consignado en cada convocatoria, así como a/s aplicación/s á/ás cal/es se impute, poderá ser ampliado en función da dispoñibilidade orzamentaria sen que iso dea lugar á apertura de novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contrario na orde que se publique para o efecto.

Como consecuencia das solicitudes presentadas polos/as mariscadores/as a pé que cumpren con todos os requisitos establecidos para seren beneficiarios, e existindo dispoñibilidade orzamentaria, para completar o crédito inicialmente establecido que permita atender a totalidade da demanda de axudas xerada é necesario ampliar a dotación inicialmente establecida en cento oitenta mil euros (180.000 €).

Por todo o exposto, e no seo das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.-Amplíase o importe da contía máxima para a concesión das axudas convocadas pola orde da Consellería do Mar do 15 de decembro de

2009, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para que os/as mariscadores/as a pé poidan completar os períodos mínimos de cotización ao réxime especial dos traballadores do mar co obxecto de alcanzar a pensión de xubilación e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

A contía queda fixada na cantidade dun millón seiscentos oitenta e oito mil euros (1.688.000 €) para a anualidade 2010, e imputarase á aplicación 14.03.722A.780.0, código de proxecto 2010 01034, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

Disposición adicional

Esta modificación non supón a apertura de novo prazo de presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Esta orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2010.

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Mar

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Orde do 19 de novembro de 2010 pola que se exclúen dos procesos selectivos extraordinario de consolidación de emprego e de promoción interna para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1, as/os aspirantes nomeadas/os en virtude da Orde do 15 de novembro de 2010 (Diario Oficial de Galicia número 222, do 18 de novembro).

En virtude das ordes da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 18 de xullo de 2008 (DOG número 144, do 28 de xullo) e da Consellería de Facenda do 26 de xuño de 2009 (DOG número 129, do 3 de xullo), convocáronse os procesos selectivos ordinario, extraordinario de consolidación de emprego e o correspondente á quenda de promoción interna, respectivamente, para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1.

Unha vez rematado o proceso selectivo ordinario, e tendo en conta que as/os aspirantes que o superaron foron nomeados funcionarias/os de carreira do corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1, en